

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2015.

A reunión celébrase no edificio administrativo de Campolongo e comeza ás 9:30 horas, por petición expresa do XT, que ten un compromiso ineludíbel na súa axenda ás 11:30 horas. Asisten o XT, Xefe de Inspección, Secretario e representantes de CIG, CCOO, STEG, FETE-UXT, ANPE e CSIF.

A Orde do Día foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores de 17 de decembro e 4 de febreiro.

Déixanse pendentes para unha vindeira xuntanza.

2. Temas pendentes de xuntanzas anteriores.

2.1. Vacante no Equipo de Orientación Específica: cubriuse?

STEG reitera a pregunta e a resposta do XT é que foron pedidas xa para cubrir tres prazas no EOE. STEG e CIG salientan que levamos máis de medio curso sen que se cubrise a vacante demandada.

2.2. CEIP A Escardia: problemática AL e PT.

En anteriores xuntanzas comentouse xa por parte de STEG e de CIG este problema. O XT responde hoxe que o EOE xa visitou o centro e que o inspector correspondente lle sinalou reiteradamente que están as necesidades ben cubertas. Polo tanto non vai atender a demanda que se lle formulou dun PT e dun AL máis para ese centro.

2.3. Estado obras talleres carpintería CIFP A Xunqueira.

O XT sinala que en 15 ou 20 días vai saber se hai dispoñibilidade orzamentaria para estas obras, para as que xa ten o proxecto técnico feito e que se farían de cara ao curso que vén. Unha vez que saiba, contactará coa Dirección e cos Departamentos afectados para informar. En todo caso, estase traballando xa na conversión dun espazo que se dedicaba antes a música en taller de carpintería, co que algo se aliviara a situación que padece o centro.

2.4. Situación AL do CEP Caldelas de Tui

O XT indica que desde a inspección se lle insiste en que as necesidades do centro están debidamente cubertas e que non se lle vai enviar un AL un día máis á semana como solicitaron.

2.5. Adscrición centros de primaria aos institutos da zona de Coia-Vigo.

O XT sinala que non comparte as obxeccións presentadas ao plan de zonificación polo IES

Alexandre Bóveda, polo que seguirá adiante tal e como está. Sinala tamén que o informe preceptivo do Consello Escolar Municipal de Vigo foi desfavorábel, pero non por respaldar as obxeccións do IES citado, senón porque botaba en falla información sobre repercusión en transporte, comedores escolares e outros servizos. Nega que se vaia eliminar o bacgharelato de música que se imparte no A. Bóveda. A súa intención é ir a un aumento de liña no colexio Castelao, sempre que se poida facer unha ampliación nos terreos colindantes (o concello de Vigo está estudando esa posibilidade). Tamén se baralla a posibilidade de converter o Ceslo E. Ferreiro en CEIP, porque hai espazo dispoñíbel e só estaría en función do aumento da matrícula. STEG pede da XT compromiso para dotar de medidas de apoio e reforzo de plantel suficiente para o IES A.Bóveda, a fin de que poida afrontar o esforzo que se lle vai esixir no curso que vén con esa nova zonificación.

2.6. Datos de FPBásica

CCOO solicita de novo que a XT reclame de Santiago un estudo detallado dos datos da implantación da nova FPBásica semellante ao que está colgado na web da Consellería en 2010. O XT comprométese, tamén de novo, a solicitalo.

2.7. Relación de nova distribución de inspectores

CCOO lembra ao XT que quedou de enviar ás OOSS unha listaxe coa nova asignación territorial dos inspectores da provincia de Pontevedra e que aínda non a recibimos. O XT comprométese a enviala de inmediato.

2.8. Previsión publicación currículo secundaria LOMCE

Pregúntaselle desde FETE por este asunto e o XT reponde que entre finais de marzo comezos de abril podería saír.

3. Programacións devoltas por Inspección

CIG pregunta polos casos de devolucións de programacións por parte de Inspección aos centros que se están rexistrando. O XT contesta que só son casos moi graves. STEG pide que se concrete en que consiste esa gravidade e o XT sinala que son tres casos: programacións que carecen de criterios de avaliación expresos, programacións que son copia calcada das que ofrecen algunhas editoriais e programacións que carecen de temporalización.

4. Falta dotación económica na implantación das FPBásica

CSIF pregunta se está chegando o diñeiro para a nova FPBásica aos centros. O XT pensa que si, aínda que esas partidas xestiónaas directamente a Consellería desde Compostela. En todo caso, se alguén coñece algún centro que non as estea recibindo pide que se diga.

5. Contratos-Programa

STEG formula tres preguntas sobre este asunto: cantos centros que solicitaran acollerse á

convocatoria na provincia finalmente renunciaron? Con que criterios outorga ou denega a consellaría profesorado externo solicitado para implementar eses programas? E, por último, existe garantía de transporte público para o alumnado que participe nos programas?

O XT responde que todos os centros que fixeron petición idéntica ao do curso pasado, tanto en primaria como en secundaria, teñen concedido o contrato-programa. Todos os novos solicitantes que cubren con profesorado voluntario as horas, tamén. Os que se solicitaron con indicación da necesidade de contratar agora profesorado externo a maiores, non se concederon, agás que fose 1 externo como máximo.

STEG considera que os contratos-programa, en vez de camiñar cara á universalización da súa oferta ou, alternativamente, cara á súa desaparición como tales porque os planteis de PT, AL, etc. dos centros teñan horas suficientes para abordar acadamente esas necesidades detectadas, están a ser vítimas da política de recortes austericidas que practica o Goberno e a Consellaría. En vez de reforzar os cadros de persoal como é debido para atender as necesidades, bótase man da "voluntariedade" do profesorado xa existente. En vez de convocar máis prazas nas oposicións ou tirar das listas do desemprego, ben avultadas na nosa profesión, para contratar "externos" óptase por pagar "horas extras voluntarias" aos que xa temos traballo... Así, se o profesorado se nega a pedir ou participar nos contratos-programa, pode ser presentado diante das familias como "insensíbel", "insolidario", "egoísta", etc., cando é a administración a que se nega a dotar dos medios humanos necesarios, co pretexto da crise e da austeridade, os planteis dos centros.

6. Deficiencias na conexión informática en varios centros.

STEG denuncia os problemas de conexión informática que padecen centros da provincia como o IES Illa de Arousa e o IES de Cotobade, que afectan ao Abalar, ao funcionamento da secretaría, etc. O XT reconece que existen eses problemas mais achácaos á compañía de telefonía e ás cláusulas do contrato.

7. Horario profesorado e transporte colexio de Nantes (Sanxenxo)

STEG transmite queixas do profesorado de varios colexios do concello de Sanxenxo, como o Plurilingüe de Nantes, a respecto do "tempo engadido" que os profesores se ven obrigados a facer nos seus centros por mor de garantir as gardas de transporte, tanto na entrada como na saída do alumnado. O XT promete estudar esta problemática.

8. Coidadora CEIP Príncipe Felipe

O problema pola redución horaria dunha coidadora xa non existe pois a alumna afectada decidiu pasar ao réxime de libres.

9. Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Reclámaselle ao XT que convoque o Comité. Resposta que así o fará, cara a finais de abril ou comezos de maio. STEG lémbrale que hai un novo decreto ao respecto, o 1084/2014, de 19 de decembro e que, aínda que só fose por actualizar o Comité en base a esta nova norma xa debería ser de obrigada convocatoria a reunión que se solicita.

10. Información sobre escolla de días de libre disposición.

A raíz dun caso dun centro ao que se lle denegou o día de libre disposición que solicitara, pídeselle ao XT aclaración sobre norma aplicábel. Resposta que efectivamente denegóuselle a petición a un único centro, de Salvaterra de Miño, porque o día que solicitaba era o venres 13 de febreiro e cadraba xusto o véspera do período non lectivo de Entroido. A normativa sinala que os centros poden elixir o día que desexen, mais semella lóxico pensar que ese día non debe ir pegado a pontes nin vacacións, por unha pura cuestión “estética” e de dignificación do labor da profesión docente, tantas veces acusada polo tema das vacacións “excesivas”...

11. Adscrición da EEI Hernán Cortés de Vigo

Infórmase por parte da XT que o centro está adscrito xa ao colexio Lope de Vega.

12. Información sobre nº de expedientes disciplinarios abertos.

12. Aínda que legalmente só ten que informar da apertura de expedientes por faltas moi graves, o XT ofrece estas cifras: Ano 2014, 11 expedientes e só 1 por causa moi grave. Ano 2015, de momento, só 2 expedientes abertos.

13. Rolda de intervencións

CIG pregunta pola posibilidade de que a consellería elabore e reparta aos centros un fluxograma ou un protocolo claro para ALs e Pts atenderen a acollida de novo alumnado que presente n.e.a.e. O XT resposta que iso xa está recollido na Lei de Atención á Diversidade.

CIG solicita flexibilidade á Inspección á hora de esixirles aos centros da provincia a adaptación de toda a serie de documentos e plans de centro que se ven alterados pola entrada en vigor da LOMCE. Coida que debe haber un proceso paulatino. O XT contesta que en breve terá unha reunión coa xunta de direccións de centros da provincia e que ese é un dos temas que pensa abordar con ela.

FETE pregunta polo prazo de admisión de alumnado, suxerindo que se amplía porque un dos días hábiles en teoría para tramitar solicitudes coincide co festivo do 20 de marzo. O XT responde que xa o propio prazo establecido contemplaba esa continxencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión sendo as 11.15 horas.